



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)

# INFORME DE RESULTADOS

## Perspectiva de xénero



Deputación  
DA CORUÑA

**CEDRO**

CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS  
REPROGRÁFICOS

Realiza:



Preparación do libro branco da Asociación de Escritoras  
e Escritores en Lingua Galega

INTRODUCCIÓN.....	3
RESULTADOS DETALLADOS.....	4
<b>Caracterización socio-demográfica .....</b>	<b>4</b>
<b>Traxectoria profesional e conciliación.....</b>	<b>6</b>
Xéneros literarios.....	10
Tradución de obras.....	10
Formato de publicación .....	11
Dereitos de autoría e ingresos.....	12
<b>Aspectos editoriais .....</b>	<b>14</b>
Axencias literarias.....	14
Relación co mundo editorial.....	14
Aspectos contractuais.....	15
Problemas coas editoriais.....	17
Premios.....	18
<b>Apoio e promoción da literatura.....</b>	<b>21</b>
As institucións públicas.....	21
Os medios de comunicación .....	22
As librarías .....	22
A crítica .....	23
Visibilidade.....	24
Feiras do libro en Galicia.....	24
Día das Letras Galegas .....	25
AELG.....	26
<b>Reflexións e conclusións acerca do sector.....</b>	<b>27</b>

## Introdución

Este documento está enmarcado na elaboración do Libro Branco da AELG. Neste caso, o obxectivo principal desta publicación é analizar a situación actual das persoas asociadas dende unha perspectiva de xénero, un labor fundamental para comprender e describir da forma máis axeitada posíbel a realidade do sector.

Os datos presentados nesta análise foron recollidos facendo uso dunha metodoloxía mixta:

- En primeiro lugar, foron analizadas as dúas fases cuantitativas do proceso previo á elaboración do Libro Branco da AELG: dúas enquisas estruturadas realizadas a persoas asociadas entre os anos 2020 e 2021.

As dúas fases teñen, neste caso, unha participación relativamente baixa, feito que limita en certa medida a capacidade de inferencia e de análise. Esta cuestión é especialmente relevante no caso das persoas identificadas con opcións de xénero diverso, xa que na primeira fase só se rexistraron tres casos e na segunda fase, dous. Polo tanto, os resultados totais reflicten as respostas deste colectivo, pero non foron analizadas nos comentarios pola súa baixa representación e as dificultades que implica facer xeneralizacións sobre unha mostra tan limitada. Por esta mesma razón, as comparativas entre xéneros limitáranse a presentar os resultados de mulleres e homes.

Por todo o anterior, tódolos resultados aquí presentados desagregados por xénero débense tomar coma unha caracterización das persoas que teñen respondido ás enquisas, e calquera xeneralización ou inferencia ao conxunto das persoas asociadas á AELG deberá facerse con precaución. Por outra banda, o apartado de caracterización socio-demográfica realizouse en base aos resultados da primeira fase, debido a que a mostra foi maior.


- En segundo lugar, leváronse a cabo unha serie de entrevistas en profundidade a escritoras galegas integrantes de AELG, a partir dun guión semi-estruturado, elaborado en base aos resultados obtidos na análise dos datos cuantitativos. Estas entrevistas buscan afondar nas cuestións explicativas e descritivas das situacións recollidas nas enquisas, a través dos discursos e matices aportados polas persoas entrevistadas.

En definitiva, este documento busca presentar unha imaxe da situación actual das escritoras e dos escritores en lingua galega en función do xénero, ademais de tratar de descubrir e describir como este afecta ao desenvolvemento da súa profesión literaria.

## Resultados detallados

### Caracterización socio-demográfica

A presenza das mulleres no tecido asociativo da AELG, aínda que non marxinal, si é minoritario. Tanto é así que só un 35% das persoas que responderon a enquisa se identifican co xénero feminino, mentres que un 2% faíno con outras opcións. Estas porcentaxes son obxectivamente distintas ás da poboación en xeral, posto que case o 52% das persoas residentes en Galicia son mulleres<sup>1</sup>. Esta diferenza amosa a baixa representación feminina dentro da AELG, que conta cun total de 170 escritoras e 335 escritores.



Nesta liña, os datos recollidos polo Centro Ramón Piñeiro para o ano 2018 indican que, en tódolos xéneros literarios hai máis publicacións de homes que de mulleres: en narrativa 61 obras de homes fronte a 27 de mulleres; en poesía 59 de homes e 36 de mulleres, en LIX (narrativa) 91 obras publicadas por homes e 61 por mulleres, etc<sup>2</sup>. Estas cifras son representativas da realidade: seguen a ser máis os homes que publican.

En definitiva, o sector segue a estar masculinizado, mais non se trata dunha cuestión exclusivamente galega e parece estar estendida no resto de linguas do estado español<sup>3</sup>.

É por iso que se fai necesaria unha aproximación dedicada ás circunstancias e características destes grupos, co obxectivo de salientar e reflectir a súa realidade particular.

As idades medias segundo o xénero amosan como as mulleres son, de maneira significativa, máis novas que os homes, mentres que as persoas doutros xéneros son as de menor idade media. A explicación é clara: tradicionalmente as mulleres tiveron máis dificultades para levar a cabo un labor literario, polo que levan menos tempo inseridas no sector. É dicir, publican dende hai menos tempo.

---


<sup>1</sup> Padrón Municipal de Habitantes. IGE. 2021.

<sup>2</sup> As persoas que non se identifican con estes xéneros publican 2 ou 3 obras no ano 2018 en cada categoría narrativa.



<sup>3</sup> Segundo dato da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Vasca, no ano 2019 só o 27% dos escritores e escritoras en Lingua Vasca son mulleres. Porén, na actualidade a súa páxina web indica que hai un total de 128 persoas asociadas, das cales 57 son mulleres (un 44,5%) e 71 son homes (un 55,5%). Semella, en base a estas cifras, que nos últimos anos mellora a posición (polo menos en canto a cantidade) das escritoras en lingua vasca.

Idade media segundo xénero	
Xénero	Idade media
Muller	49,7
Home	56,0
Outras opcións	42,0

A pirámide de poboación apoia esta conclusión, xa que o 43% das autoras asociadas ten menos de 46 anos, mentres que case a metade dos homes (48%) ten máis de 55.



A idade media observada ten un impacto claro no resto das características demográficas das persoas asociadas. Neste senso, a poboación feminina ten unha maior proporción de persoas con estudos universitarios, así como unha menor porcentaxe de xubiladas, prexubiladas ou pensionistas. Todas estas características poden explicarse, na súa maior parte, pola menor idade media das mulleres, xa que estas se atopan máis próximas as idades en activo (entre 16 e 65 anos) e as persoas das xeracións máis recentes tenden a ter un maior nivel formativo.




## Traxectoria profesional e conciliación

As diferenzas de idade marcan tamén, de xeito esperable, o tempo que levan as persoas escribindo. En xeral, as persoas asociadas contan cunha ampla traxectoria na profesión, xa que a maioría leva máis de 20 anos escribindo. Sen embargo, case unha de cada catro mulleres (23%) afirma que a súa antigüidade exercendo é de 10 anos como máximo, mentres que case nove de cada dez homes (87%) leva 10 anos ou máis.

Se comparamos este dato coas idades medias, obsérvase que para o 60% de escritoras e escritores a idade media á que comezan a identificarse como profesionais é similar, sobre os 35 anos. Polo tanto, este dato volve a apoiar a hipótese de que a incorporación da muller é máis tardía: a maioría comeza aos 35 anos, pero son máis novas e levan menos tempo escribindo.


Traxectoria na escritura segundo xénero (%)



En xeral, a dedicación á escritura non é completa, xa que a meirande parte tanto das mulleres coma dos homes conta con outro traballo a tempo completo para suplementar a labor coma escritoras e escritores. É unha cuestión estrutural do sector: vivir unicamente da escrita é so posible para un reducido número de persoas.


A única diferenza ao respecto, ten que ver coa idade das persoas que se dedican a tempo completo á escrita: a totalidade dos homes cunha dedicación completa teñen máis de 45 anos, mentres que, ao contrario, mais da metade das mulleres que non compaxina a escritura teñen menos de 45 anos.

Compaxina outra actividade coa escritura




É destacábel a estrutura laboral que se intúe segundo as principais profesións que se están a compaxinar coa labor literaria. Entre as mulleres, a labor docente é moito máis común que entre os homes, con máis dun 15% de diferenza. Outras profesións máis comúns entre as escritoras son a de xornalista e as relacionadas coa xestión cultural, mentres que entre os escritores resulta máis común a carreira funcional ou ser xubilado ou pensionista.

Principais profesións que compaxinan coa labor literaria



Segundo os datos extraídos da enquisa, entre os homes o número de publicacións é lixeiramente superior, algo esperable se temos en conta que a maioría das escritoras leva menos tempo escribindo, segundo elas mesmas. Hai que precisar, non obstante, que nestes últimos dez anos a tendencia foi revertida en parte. Na última década aumentou considerablemente o ritmo de publicación das escritoras. A pesar de que a actividade conxunta foi alta, máis da metade das mulleres (51%) publicou 5 obras ou máis, mentres que só o 40% dos homes acadou esta cifra de produción literaria<sup>4</sup>.

Obras publicadas últimos 10 anos




Porén, como xa se comentou, estes datos non se poden extrapolar a todo o sector. Neste senso, hai que recordar, de novo, os datos antes mencionados do Centro Ramón Piñero, a partir dos cales resulta claro e evidente que os homes seguen a publicar máis. De maneira lóxica, pódese

<sup>4</sup> Estes son datos da enquisa feita por AELG no ano 2021. Non teñen porque representar a realidade do sector e cómpre velos en relación directa coas persoas socias da AELG que responderon.



pensar que esta cuestión ten que estar vencellada a unha maior dedicación ao labor da escrita, así como a ausencia dunha serie de impedimentos de tipo estrutural (coidados, receptividade das editoras ás obras, autocensura das mulleres ou síndrome da impostora, etc.).

Así, segundo os datos da enquisa realizada, a dedicación, aínda sendo maioritariamente parcial, é máis continua e regular no caso dos homes, posto que dúas de cada tres mulleres describen a súa dedicación como “esporádica, pero intensa en certos períodos”.



Cal é o principal factor de que os homes escriban e publiquen máis? A conciliación, ou, mellor dito, a falta de conciliación.

Tal e como se abordou na parte cualitativa deste estudo, as escritoras coinciden en que a conciliación, tanto en relación ás crianzas, como de persoas dependentes en xeral, as tarefas do fogar, etc. é o principal impedimento para desenvolver o seu labor literario. É dicir, as dobres e as triplas xornadas seguen a lastrar ás mulleres. Obviamente, este é un fenómeno que alcanza a toda a sociedade e, para o cal as escritoras non constitúen unha excepción á norma. Segundo a súa propia opinión, este é o factor que, principalmente, lles impide escribir e publicar en igual proporción que os homes escritores.

Escribir para elas supón, tamén, renunciar a máis tempo de lecer. Outra perda máis que eles, xeralmente, non sofren, ou polo menos, non na mesma proporción. Esta situación, porén, non é algo que so aconteza no sector da escrita, senón que é un mal estendido no resto das ocupacións; é un reflexo da sociedade patriarcal que existe aínda.

Debido a esta cuestión, moitas escritoras consideraron, en algún momento, deixar de escribir e vén sendo habitual que moitas o fagan en determinados momentos da súa vida, xa que non é posible conciliar os tempos familiares con aqueles que son precisos para levar a cabo o proceso da escrita.


Por todas estas cuestións, parece bastante evidente que a situación das escritoras é, en termos xerais, peor ca dos seus compañeiros varóns.

Para mudar esta situación é preciso, entre outros aspectos, que exista unha rede de coidados real, efectiva e estendida que funcione a través das institucións. Esta eiva social é, pois, a principal causa de que as mulleres escriban e publiquen en menor medida que os homes.

### Xéneros literarios

Os tipos de xéneros literarios máis populares entre as escritoras son, en maior medida, a narrativa, a poesía e o ensaio, na mesma orde que entre os escritores.

As diferenzas entre xénero das persoas asociadas non son significativas, aínda que a porcentaxe de mulleres que publica ensaios é menor ca de homes, unha tendencia inversa á observada no resto dos tipos de literatura. A grande maioría do tecido asociativo da AELGA combina xéneros literarios, tanto as mulleres coma os homes. As persoas que fan una produción literaria acoutada a un só xénero literario son unha minoría (30%), e case o 60% destas dedícanse ao mais popular, a narrativa.




### Tradución de obras

A proxección da literatura galega fora do territorio do país pode ser un bo indicativo da relevancia ou do impacto co que contan as autoras e autores galegos. En total, o 60% das persoas asociadas ten máis dunha obra traducida. Entre as escritoras esta porcentaxe supera o 75%, mentres que soamente a metade dos homes ten máis dunha obra levada a outros idiomas<sup>5</sup>.


---


<sup>5</sup> É relevante lembrar que o volume de respostas recollidas entre as mulleres poden distorcer parcialmente este dato. É dicir, ao contar cun número relativamente baixo de respostas, as porcentaxes poden verse sobredimensionadas se entre as escritoras que responderon fixérono unha ou dúas de gran éxito ou proxección.



### Formato de publicación


En canto ás formas de publicación, aínda que o formato físico segue a ser maioritario, case tres de cada catro persoas asociadas publicou algunha obra en dixital. Neste campo, tamén as mulleres contan cunha maior actividade: un de cada catro homes publicou máis de 7 obras dixitalmente, fronte ao 38% de mulleres que acadou esa cifra. Incluso a publicación exclusiva de obras, aínda que moi minoritaria, é un terreo máis explorado par parte das escritoras en galego que responderon a esta enquisa. Este é unha cuestión que tamén parece vir determinada pola idade de ámbolos dous grupos. As escritoras, ao seren en xeral máis novas, teñen unha proximidade maior aos novos formatos que os escritores varóns.






### Dereitos de autoría e ingresos

A recepción de liquidacións por dereitos de autoría ten unha incidencia similar entre xéneros, se ben é lixeiramente maior a proporción de autores varóns que non reciben ningunha. A valoración destas retribucións por parte das persoas asociadas é moi similar, e son valoradas positivamente por unha porcentaxe similar de escritoras e escritores.




No que respecta ás cantidades recibidas, a situación é semellante entre escritoras e escritores. Tres de cada catro persoas que se dedican a escribir en galego na AELG reciben menos de 1.000 euros por dereitos de autoría. Aínda que pode haber certos matices, a situación xeral é practicamente igual entre os dous xéneros.



En calquera caso, se atendemos á porcentaxe dos ingresos persoais que estas cantidades supoñen, detéctase unha fenda salarial entre mulleres e homes: o 57% dos escritores varóns indican que supoñen menos dunha décima parte dos seus ingresos totais, mentres que a porcentaxe de mulleres na mesma situación é de case o 48%.

Isto non implica que os ingresos por autoría sexan maiores nas escritoras, se non que os varóns, na súa outra ocupación, teñen salarios superiores.


A situación económica das mulleres escritoras parece, pois, peor que a dos seus compañeiros homes e isto é así independentemente das cantidades percibidas por dereitos de autoría.



## Aspectos editoriais

### Axencias literarias

A contratación de axencias literarias entre as persoas asociadas non é habitual, xa que soamente un 11% conta ou contou algunha vez con esta figura. Estas porcentaxes son moi semellantes entre escritoras e escritores, e na meirande parte dos casos esta negativa vén explicada por unha falta de interese neste servizo (44%) ou porque non o atopan en Galicia.




### Relación co mundo editorial


Tendo en conta a cantidade de persoas asociadas que non conta con axente literario, a relación directa que teñen as escritoras e escritores coas editoriais cobra especial importancia. Cando se fala das diferenzas entre xéneros estas estanse a notar, sobre todo, na traxectoria máis recente. Mentres que no total da traxectoria os homes tendían a publicar nunha maior variedade de editoriais, na última década son as mulleres as que máis opcións están a escoller.



A meirande parte tanto de escritoras como de escritores asociados á AELG puido escoller as editoriais que lle gustaban, aínda que neste caso as mulleres puideron decidir máis acotío que os varóns. Porén, as escollas de editoras é unha cuestión na que sería preciso profundar máis en futuras investigacións.




As razóns para teren escollido unha ou outra editorial son varias, principalmente a reputación e o respecto aos compromisos adquiridos. En xeral non aparecen grandes diferenzas entre xénero, e a orde de importancia tende a ser semellante. O aspecto no que máis discrepancias existen é o aspecto económico; as escritoras tenden a dar máis importancia as boas condicións económicas que os escritores.




#### Aspectos contractuais

No momento de iniciar o proceso de publicación, a meirande parte das autoras recibe resposta cando fan un envío despois de terlles enviado unha obra, unha porcentaxe lixeiramente superior ao reportado polos escritores.




A pesar desta maior porcentaxe de éxito no contacto, o certo é que entre os escritores a proporción de obras publicadas sobre as entregadas é notablemente maior: a un de cada tres escritores asociados publicáronlle todas as obras que entregou.




A entrega de obras previa a unha sinatura formal de contrato é algo habitual tanto entre as escritoras como entre os escritores, ao contrario do que ocorre coa reclamación dos mesmos.






Ditos contratos, en xeral, tenden a ser bastante exhaustivos para tódolos/as asociados/as. Sen embargo, aqueles asinados polas escritoras parecen ter, seguen elas mesmas, unha maior cantidade de cláusulas.



### Problemas coas editoriais

Detéctase unha certa conflitividade entre as editoriais e as persoas asociadas. Practicamente a metade dos escritores e case catro de cada dez escritoras tivo algún tipo de problema con algunha editorial. A meirande parte foron tratados reclamando directamente coa editorial, e as medidas legais ou a través da AELG foron mínimas.



O mundo editorial en Galicia é, en xeral, reducido, polo que as opcións para decidir con quen traballar non son especialmente amplas. Ademais, no caso de que unha obra sexa premiada a autora ou autor adoita estar obrigado, de antemán, a traballar cunha editorial en concreto.

Estamos, ademais, ante un sector tamén moi masculinizado, polo que a presenza de editoras é escaso (unha vez máis estamos ante un teito de cristal). Neste senso, e través das entrevistas realizadas, coñecemos que as escritoras que traballaron nalgunha ocasión con editoras refiren que estas son máis capaces de empatizar con diferentes situacións, de realizar unha escoita máis activa ou, por exemplo, de respectar máis os tempos e os procesos literarios. É dicir, parece que poder traballar con mulleres editoras mellora a relación entre o mundo editorial e as creadoras.

En xeral, as escritoras non adoitan acusar un trato distinto por parte das editoras polo feito de ser mulleres (refiren que estas diferenzas están máis relacionadas co tipo de literatura ou xénero). Mais tamén son conscientes dunha serie de cuestións máis sutís, de actitudes paternalistas ou de certo menosprezo que os escritores homes non teñen que sufrir por parte de certas editoriais ou de persoas que asumen postos de poder no eido editorial.



Ser muller, ter ideas propias, escribir de determinados temas, etc. son cuestións que, en ocasións, non están aínda aceptadas e normalizadas dentro do sector editorial (en claro espello do que acontece en case todas as parcelas do eido público da sociedade). Parte desta situación poderá revertirse cando as mulleres tamén acaden postos de responsabilidade e decisión nas editoriais, nunhas proporcións semellantes ás dos homes.

### Premios

Case tódalas persoas asociadas participou nalgún tipo de certame ou premio literario. A porcentaxe é lixeiramente desfavorable cara as escritoras, aínda que a diferenza é moi pequena. Como consecuencia desta distribución, é máis común que un escritor galego asociado reciba un premio que unha escritora.

Se facemos unha revisión dos premios de literatura galega<sup>6</sup> que se levan outorgado ata o momento no ano 2022, obtemos que en narrativa 12 homes recibiron algún premio, fronte a 6 mulleres. En poesía a situación é máis parella, posto que 12 mulleres obtiveron algún premio literario, fronte a 14 homes. En teatro houbo 7 fallos a favor de homes e 5 para mulleres<sup>7</sup>.


O feito de que nos últimos tempos haxa unha serie de mulleres escritoras que están acadando unha alta visibilidade e presenza no eido literario parece reflectir que a equidade xa se logrou, mais é só un pequeno oasis. As cifras seguen a indicar que os homes publican máis e que os homes reciben máis premios.




<sup>6</sup> Esta situación non é exclusiva da literatura galega. A revisión dos premios relacionados coa literatura noutras comunidades aporta as seguintes cifras: so 16 mulleres gañaron o Premio Nobel de Literatura, creado en 1901, fronte a 112 homes. O premio Cervantes foi outorgado a 4 mulleres e a 41 homes dende o ano 1976. O premio Planeta, que existe dende o ano 1952, so foi obtido por 17 mulleres.

<sup>7</sup> Datos recompilados da páxina web da AELG.

A maior diferenza de xénero atópase na tipoloxía das convocatorias ás que se presentan. As escritoras participan de xeito máis habitual nos premios organizados por administracións privadas e por entidades sen ánimo de lucro, mentres que os escritores acoden en maior medida que elas ás organizadas pola administración pública ou a todas elas por igual.



As opinións sobre estes premios literarios amosan que a valoración das cantidades recibidas como galardóns está sensiblemente máis polarizada entre as autoras que entre os autores.



Resulta evidente que se os homes poden escribir máis por unha cuestión, principalmente, de tempos e de penetración no sistema, tamén publicarán máis e, polo tanto, poderán presentarse a máis certames e resultar gañadores en maior medida que as mulleres escritoras.

En principio, no fallo dos premios non hai discriminacións, xa que se garante o anonimato na presentación das obras. Porén, cabe ter en conta que a maior parte dos xurados están formados por homes o cal non axuda a manter un equilibrio no outorgamento dos premios. Ademais, existen cuestións máis sutís de discriminación estrutural sobre a consideración que reciben certas voces ou temas para considerarse "premiabes", o cal exclúe moitas veces certo tipo de textos escritos por certas autoras.


De forma histórica, os homes ocupan os postos de poder en tódolos eidos, e isto afecta tamén ás escritoras e á visibilidade da súa obra, así como ao seu acceso a determinados postos de decisión e de responsabilidade no mundo literario.

## Apoio e promoción da literatura

### As institucións públicas

Non é moi habitual contar coa axuda das institucións públicas, en parte porque tampouco hai moitas axudas dirixidas á produción literaria en Galicia. Neste senso, soamente ao redor dun 25% das persoas asociadas recibiu algunha vez algún tipo de apoio económico deste tipo, sendo máis habituais entre os autores que entre as autoras consultadas. Ademais, a diferenza non reside só no feito de recibir axudas ou non, senón do número de ocasións nas que é así: a proporción de escritores que reciben máis dunha axuda ou bolsa duplica ao das mulleres.

Por outra banda, o 20% dos varóns din non ter necesitado estas axudas fronte a un 14% das mulleres. Esta cifra reflicte que, en xeral, os homes adoitan ter unha posición de estabilidade económica e laboral maior que a das mulleres que se dedican á escrita.




Ademais, tamén cabe pór de relevo que hai certas bolsas, como estadías ou retiros literarios que adoitan ser máis difíciles de compatibilizar no caso das mulleres polo consabido peso delas nas responsabilidades do eido privado, feito explicitado nas propias entrevistas levadas a cabo.

Faise preciso, polo tanto, aumentar o número e a diversidade de axudas ás persoas que se dedican á escrita, e, especialmente ollando para a situación máis adversa que sofren as escritoras en xeral.

## Os medios de comunicación

Entre as entidades privadas máis criticadas están os medios de comunicación, sobre todo as televisións tanto nacional coma no caso da TVG. A este respecto, as mulleres socias da AELG tenden a ser máis favorables respecto ao trato recibido polos medios.




Con todo, e tal e como se inferiu a través da parte cualitativa deste estudo, as escritoras acusan que é relativamente habitual que no seu trato cos diversos medios de comunicación se adopten actitudes non profesionais, tendendo a derivar as conversas, por exemplo, a outras cuestións non relacionadas coa súa obra.

Por outro lado, están tamén as redes sociais, tan presentes hoxe. Neste eido, son moitas as mulleres escritoras que teñen que soportar ataques ou críticas que exceden á súa vertente literaria. Ademais, especialmente acontecen estas ofensas cando enfronte hai unha escritora cunha ideoloxía feminista máis pública ou marcada. Este tipo de situacións, cando se dan, van parellas ás mulleres, pero non aos homes. Por suposto, a tarefa da igualdade compete a tódalas estruturas e institucións sociais, polo que erradicar comentarios, ataques ou actitudes como as comentadas resulta imprescindible para lograr igualdade plena dentro do sector literario.

## As librarías

O traballo das librarías na promoción do libro en lingua galega é fundamental para a literatura. A este respecto, o 28% das escritoras enquisadas cualifican a súa labor como boa, nunca proporción claramente superior á masculina.




As librarías, con todo, son un negocio que busca a rendibilidade, e, por tanto, buscan ter as obras de máis éxito. Tendo en conta que son máis os homes que publican, tamén isto se ve reflectido nos programas das librarías. Se os homes publican máis, as librarías colocan nos andeis máis obras feitas por homes.

Na loita por ir revertendo esta situación resultan de gran importancia certas librarías cun gran compromiso coa literatura feita por mulleres, contribuíndo á súa visibilización.

#### A crítica

Na meirande parte dos casos, a opinión sobre a labor da crítica en lingua galega é regular, e non se atopan signos de polarización, aínda que tenden mais cara ao positivo que ao negativo por parte das persoas enquisadas.



Así e todo, a crítica non supón unha excepción, e na súa meirande parte está en mans de homes, cuestión que, moitas veces, supón que as obras das escritoras reciban máis criticadas negativas, sobre todo cando abordan determinadas temáticas que, aínda hoxe, non son do agrado dalgúns homes. Ademais, percíbese a supervivencia de voces que, por exemplo, consideran que as


mulleres non debe ficionar, que só deben escribir do cotiá, do privado, ou que a súa obra é “menor”. En definitiva, hai un certo prexuízo á hora de analizar a obra literaria das mulleres.

Tamén esta crítica ás obras escritas por mulleres é, ás veces, condescendente e tópica.

Por todo isto, existe o pensamento entre as propias escritoras de que o seu traballo e o seu esforzo debe ser moito maior que o dos escritores varóns para que a súa obra poida ser recoñecida como valiosa ou de calidade.

### Visibilidade


Con todo, a visibilidade social das persoas que se dedican a escritura en lingua galega é, segundo a maioría de escritoras e escritores, insuficiente. En liña co anterior apartado, resulta relevante que tan só o 3% das escritoras considera que a visibilización social é suficiente. En cambio a porcentaxe de escritores que opina así é marcadamente superior. Isto é consecuencia da invisibilización e da minusvaloración do traballo da escrita feita por mulleres.



### Feiras do libro en Galicia


O formato actual das feiras do libro en Galicia non conta co apoio maioritario das escritoras en lingua galega, unha opinión semellante a expresada polos escritores varóns. Os motivos para este rexeitamento son semellantes e perseguen as mesmas reclamacións de mellora. Estamos polo tanto ante eivas estruturais do sector que require atallar para poder dar á literatura galega, e ás persoas que o fan posible, o lugar que merece.






### Día das Letras Galegas

Unha das institucións máis importantes da literatura galega, o Día das Letras Galegas, tampouco conta co apoio maioritario respecto ao formato actual de organización nin a forma de elección das persoas homenaxeadas, sendo as mulleres lixeiramente menos críticas que os homes.




En canto aos trocos na elección de candidaturas, as escritoras galegas apoian en maior medida cos escritores unha participación xeral de institucións culturais, sociais e educativas, mentres que a proposta de votación aberta mediante a web da RAG recolle apoios entre ambos xéneros. Por outra banda, os trocos na forma de celebración do Día das Letras Galegas son reclamados en igual medida tanto polas mulleres coma polos varóns.

### Trocos na elección de candidaturas ao Día das Letras Galegas



### Trocos na celebración do Día das Letras Galegas



Neste aspecto, non debemos esquecer que dos 60 anos de historia do Día das Letras Galegas foron só 5 as mulleres homenaxeadas. As escritoras mencionan, con claridade, que o sistema de elección vixente imposibilita, en certo senso, que as mulleres, polo menos en moitos anos, poidan entrar nesta listaxe debido á súa escasa valoración histórica e ás mínimas posibilidades de desenvolver unha carreira literaria en décadas pasadas.



De igual xeito, cómpre facer mención á escasa presenza das mulleres nas institucións académicas e literarias é común: dende a súa creación (1906) só 10 dos 176 membros da Real Academia Galega son mulleres (pouco máis do 5%). No caso da Real Academia Española, dende 1713 só 11 mulleres foron nomeadas académicas, o cal amosa unha presenza feminina aínda máis minoritaria.

### AELG

Como é previsible, a maior antigüidade na profesión por parte dos varóns escritores tamén vai asociada unha maior antigüidade como socios da AELG.

Os motivos ofrecidos para estar nesta asociación son varios; entre as escritoras, o máis nomeado é *Defender intereses dos escritores en galego*, mentres que os escritores citan a *Ética ou*

*conciencia* como principal motivación. Para elas, a súa presenza na AELG tamén se relaciona en gran medida con aumentar a presenza na sociedade.



## Reflexións e conclusións acerca do sector

As principais diferenzas entre as escritoras e os escritores están marcadas polas diferenzas de xénero estruturais presentes na sociedade. A tardía incorporación da muller a diferentes ámbitos profesionais é unha das principais características desta estrutura, algo que se repite no ámbito literario. O feito de que as escritoras en lingua galega accedaran máis tarde ao sector literario, e polo tanto a crear valor, ten unhas consecuencias claras e esperábeis, como unha menor cantidade de publicacións, unha menor participación e obtención de premios ou unha case nula presenza en iniciativas tan relevantes para a literatura galega como o Día das Letras Galegas.

Mais esta idade máis nova das escritoras, mirando os datos, tamén parece indicar que atenden máis a un perfil profesional no sentido de entender que a escrita é un traballo que debe ser remunerado e que os contratos que se realicen deben ser conforme o marque a lei.

Os datos son evidentes e reflicten que os homes seguen a estar moito máis presentes na escrita e non só garda relación co tardío acceso das mulleres ao sector, senón que se relaciona especialmente coas condicións nas que se produce este acceso: a escasa ou nula conciliación compartida, que lastra a produción literaria delas polo simple motivo de que non teñen o mesmo tempo dispoñible.

Como xa vimos, é practicamente anecdótica a cifra de persoas que poden vivir de forma exclusiva da escrita e case todas elas, sexan mulleres ou homes, teñen outro traballo. Polo tanto teñen que compaxinar o traballo que permite vivir coa labor de escribir. Pero, no caso delas, ese outro tempo que teñen que dedicar tamén a todas as labores de coidados de crianzas, de persoas dependentes, do fogar, etc. é superior ao requirido para os homes.

Escribir precisa de tempo para reflexionar, para artellar ideas, prisms, estruturas, etc. e as mulleres só poderán ter este tempo, de xeito semellante aos homes, cando as estruturas patriarcais desaparezan, cando o tecido de apoios das institucións sexa tupido, cando elas poidan acceder aos postos de decisión e responsabilidade en tódolos eidos, en definitiva, cando se acade unha igualdade real.

Con todo, tamén é certo que a realidade da literatura galega está, pouco a pouco, nutréndose de mulleres. Estas escritoras son as artífices dunha nova literatura que se está tecendo, moi paseniño, nos últimos anos. Así, dende os anos 90 a literatura feita por mulleres en Galicia está revolucionando o mundo literario entre outras cousas porque mudan os puntos de vista, as formas e os métodos. Son innovadoras, produtoras dunha obra de alta calidade, abordan novas temáticas e formas de tratalas, enchen de novo contido a literatura galega que, quizais, pecaba ata o momento de certo estancamento temático.

Hai, non obstante, certas resistencias informais dentro do sector, como poden ser certas críticas ou mencións que tratan de minusvalorar a calidade literaria ao falar de temáticas “femininas” ou literatura “para mulleres”, ou algunhas actitudes condescendentes por parte dalgúns homes situados en estruturas de poder editorial, crítica, medios de comunicación, etc. En xeral, as escritoras son conscientes de que non reciben un trato igualitario, así como de que ningunha institución introduciu, aínda, medidas correctivas neste sentido.

En calquera caso, a situación actual das escritoras galegas na actualidade semella ter unha tendencia positiva, logo de experimentar un crecemento recente da súa presenza neste ámbito e partindo dunha situación de desvantaxe de baixa representación. Porén, para que esta evolución teña continuidade é preciso apoiar estas novas voces que van xurdindo na nosa literatura, e este apoio ten que ser multilateral; as institucións públicas, o sector editorial e os medios de comunicación deben loitar por dar oportunidades en igualdade de condicións a mulleres e a homes.